

AS ILUMINACIÓNS

Textos de ARTHUR RIMBAUD

Tradución de TAMARA ANDRÉS e ORIANA MÉNDEZ

Ilustracións de MIGUEL GALANO

Encadernación rústica con sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 128 páx. 15 €

ISBN 978-84-19213-46-4. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

XXII PREMIO DE TRADUCCIÓN PLÁCIDO CASTRO 2023

*Assez vu. La vision s'est rencontrée à tous les airs.
Assez eu. Rumeurs des villes, le soir, et au soleil, et toujours.
Assez connu. Les arrêts de la vie. – Ô Rumeurs et Visions ! Départ
dans l'affection et le bruit neufs !*

*Xa levo visto abondo. A visión conflúe en todos os espazos.
Xa levo tido abondo. Balbordo das cidades, e na anoitecida,
e ao sol, e sempre.
Xa levo coñecido abondo. As sentenzas da vida. Oh, rumores;
oh, visións.
Hora de partir cara a novos afectos, cara a novos rúidos!*

[Départ / Partida]

O territorio da exploración dos abismos gañado por Rimbaud para a poesía márcano dúas mouteiras: 1873 e 1886. No primeiro deses anos saíu *Une saison en enfer*.

Un disparo co que Verlaine lle acertou nunha man selara xa a ruptura definitiva entre ambos, e a nai do autor pagou a factura dunha imprenta de Bruxelas, que despacharía cincocentos exemplares. O outro ano de referencia, 1886, é o da publicación de *Les Illuminations*, escritas tamén no tempo da montaña rusa afectiva con Verlaine, que é quen esa vez se fixo cargo dunha edición de dous centos de copias.

Rimbaud, afeito a que os sitios que ocupa o expulsan («como se tivesen mans», dixo Jacques Rivière), está daquela en Harar e a súa obra non obtén un eco inmediato porque a súa é unha alma soa no tempo, pero lanza unhas sementes que, no futuro, abrollarán nos textos dos seus netos surrealistas e dos bisnetos da Beat Generation.

Anxo e demo, nega por un igual os valores revolucionarios e os burgueses, e a posteridade encargárase de outorgarlle resplandores novos aos lóstregos da súa cólera. Esta edición bilingüe contra coa esmerada tradución ao galego de Tamara Andrés e Oriana Méndez.



Kalandraka

comunicacion@kalandraka.com

ARTHUR RIMBAUD

As iluminaci3ns



Traduci3n de Tamara Andr3s e Oriana M3ndez

TAMBO

■ Temática: poesía.

■ Aspectos destacables: nova edición, revisada e ampliada cun poema inédito. Outros títulos da colección *Tambo*: «Os ángulos da brasa» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «Onde nunca é mañá», «Rigorosamente humano» e «Clave de bóveda» de Manuel Álvarez Torneiro; «Alén da fronteira. Sete poetas vascos» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «Triptico» de Antoni Marí; «Espirai de sombras» de Xavier Seoane; «Estrela do norte» e «As sílabas do mundo», de Luís Rei Núñez; «Tempo de exilio» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «Diario de Crosses Green» e «A ganancia e a perda» de Martín Veiga; «Tempo transfigurado» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «Cervatos» de Lucía Novas; «Feliz idade» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020); «Cráter», de Olga Novo; «Catro cuartetos» de T.S. Eliot e «Imago» de Helena de Carlos.

■ Avance do libro:

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-iluminacions-g>

Jean-Arthur Rimbaud

(Charleville, 1854 - Marsella, 1891)

A súa nai pertencía a unha familia de propietarios rurais, no departamento francés das Ardenas, e o seu pai era un capitán de infantaría que a abandonou cando tiñan catro fillos. De seis anos entón, o neno Arthur viviu unha infancia marcada pola severidade da nai e foi alumno brillante, gran lector e poeta precocísimo. Aos dezaioito anos instalouse en París por segunda vez e entregouse, con Paul Verlaine, dez anos maior, a unha relación que os arrastraría ata Londres. Aos vinte e dous incorporouse ao exército colonial holandés, do que non tardou en desertar, para percorrer logo Bélxica, Austria, Alemaña, Italia e Chipre. En fuga permanente, buscabullas e nihilista, viviu tamén en Xava, Iemen, Somalia ou Abisinia, exercendo máis dunha ducia de oficios, mesmo o comercio de armas. Un tumor fíxoo regresar ao seu país. Cando morreu, no Hospital da Caridade de Marsella, tiña só trinta e sete anos e facía case vinte que deixara de escribir poemas.